



BASES DO CONCURSO DE ADORNOS

“NADAL NO PEREIRO”

1. OBXECTO:

O Concello do Pereiro de Aguiar presenta a VI edición do Concurso de adornos de Nadal, iniciativa enmarcada no proxecto “**Nadal no Pereiro**” . Os adornos que se presenten deben ter un tamaño axeitado para decorar a árbore de Nadal que se colocará na da Biblioteca

2. PARTICIPANTES:

Poden participar todos os veciños e veciñas do Concello, de calquera idade.

Establécense dúas categorías:

- a) **Categoría infantil**, nenos e nenas de entre 1 e 16 anos.
- b) **Categoría de adultos**, a partir de 17 anos.

3. XURADO:

O xurado estará formado por persoal do Concello alleo á organización.

4. VALORACIÓN:

A partir do 11 de decembro, os participantes poderán levar o seu adorno á Biblioteca Municipal, onde se identificarán oportunamente. O horario de entrega será de 10.00 a 14.30h. e de 16.00 h.. a 19.45 h.

A data límite para participar e colocar o adorno será o 27 de decembro.



Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Utilización de recursos reciclados ou da natureza.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o día **27 de decembro**, sendo este inapelable. Os participantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello, e por vía telefónica.

5. MATERIAIS QUE SE PODEN EMPREGAR:

Cada participante pode presentar un máximo de **dous adornos** que deben ser de elaboración propia, é dicir, non poden mercarse como tal. Os adornos deben ter relación coas datas de Nadal, e os participantes terán plena liberdade en canto a técnica, os materiais e o estilo a empregar.

6. PREMIOS:

- **Categoría infantil:** Lote de libros.
- **Categoría adultos:** premio de 50 euros.



7. ENTREGA DE PREMIOS:

O 5 de xaneiro no Salón de Actos do Edificio Multiusos dos Gozos, coa recepción dos Reis Magos. No caso de non poder asistir, recolleranse posteriormente na Biblioteca Pública.

Máis información na web do concello: www.concellopereiro.com , na Biblioteca Pública, no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com ou nos teléfonos de contacto 988 25 98 39 e 685 52 85 38.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

